



# Nova Escola Galega

# OPINA

Decembro de 2012

## LINGUA E ENSINO: REGRESO AO PASADO?

**NOVA ESCOLA GALEGA** pretende promover de novo a reflexión sobre o lugar do galego no ensino á luz dos últimos acontecementos e diante das decisións que se albiscan neste ámbito. NEG entende que, de seguirmos polos camiños que se anuncian, abócase o sistema educativo á renuncia das funcións que lle còmpren respecto da protección e desenvolvemento do idioma de noso.

Entre os feitos máis destacables, cómpre citar, pola súa importancia, os seguintes:

- As previsións para as linguas no currículo e o inédito condicionamento por parte do estado dos modelos lingüísticos nos territorios con lingua propia, contidos na segunda versión do anteproxecto de LOMCE.
- As sentenzas do TXSG sobre o Decreto do Plurilingüismo, nas que se anulan dous artigos cerne da filosofía da norma.
- O Informe do Consello de Europa referido ao incumprimento da Carta Europea das Linguas Minoritarias e Rexionais.
- Os datos sobre a aplicación do decreto nas aulas ofrecidos pola administración no Parlamento ao remate do curso pasado.

A análise pormenorizada de cada un destes fíos excede o espazo que lle cómpre a unha reflexión como a que Nova Escola Galega pretende facer a través desta publicación. Porén, preténdese pulsar un estado de cousas que, se mire como se mire, confirman o agravamento dos problemas que xera a cuestión lingüística logo da posta en marcha do Decreto do Plurilingüismo e da diminución evidente da presenza do galego nas aulas. O conflito -contido ou explícito- está servido, malia que a intensa malleira de medidas contra a educación pública multiplique como nunca as alarmas e contribúa a deixar este tema básico nun plano secundario.

### O ANTEPROXECTO DE LOMCE

De maneira sorprendente –ou como porco bravo na leira- a segunda versión deste controvertido anteproxecto afonda nos temas lingüísticos. Por unha banda, introducindo elementos de enorme distorsión pola diferente consideración que fai das materias do currículo, relegando as linguas propias a un borroso terceiro ou, mesmo, cuarto plano. Pola outra, mediante unha cotada contra os modelos lingüísticos promovidos desde Cataluña e Galicia (antes da reviravolta do Decreto do Plurilingüismo) aos que comina á súa reformulación so pena de cargar cos custos dunha nova oferta vehicular en castelán de carácter privado.

Se imos á cuestión curricular, unha vez máis compróbase como por riba de calquera outra consideración prima a visión que o Partido Popular ten das linguas cooficiais, ás que pretende facer necesariamente dependentes dos ditados do ministerio, outorgándolles un valor académico diferente -subsidiario ou residual, segundo o caso- do castelán e da primeira lingua estranxeira. O novo currículo clasifica as materias en tres tipos: *troncais*, *específicas* e *de especialidade*. Sobre as primeiras –matemáticas, ciencias (e, no seu caso, bioloxía, física etc), ciencias sociais (e, no seu caso, xeografía, historia etc), lingua castelá e primeira lingua estranxeira-, indicar que ocuparán como mínimo o 50% do horario, cun máximo que poderá marcar a administración educativa autonómica, reservando o estado as competencias para a determinación dos seus contidos, horarios e avaliacións externas.

A porcentaxe restante do horario será para as materias específicas, entre as que se sitúa a segunda lingua estranxeira –cuxo máximo será tamén determinado polo ministerio- e as de especialidade, caixón no que van parar as linguas propias. Para estas materias, as administracións educativas territoriais establecerán os



seus contidos, fixarán o horario e, no caso das de especialidade, establecerán os criterios de avaliación, aspecto que queda en mans do ministerio no caso das específicas. O documento non prevé que as materias de especialidade, entre elas a lingua galega, sexan obxecto de avaliación externa final, no caso das probas introducidas ao remate da secundaria obrigatoria e do bacharelato, induciendo así un tratamento diferencial con indubidables efectos na consideración das áreas nun deseño curricular no que estas avaliacións marcarán os eixes principais. Para a primaria introduce a previsión de avaliar as competencias na lingua materna, sempre complexa en contextos multilingües.

enleada polas declaracións extemporáneas e provocadoras do seu titular. A ameaza de sobrecarga de obxectivos e contidos farán que, na práctica, non sexa posible unha mínima marxe de manobra para as comunidades autónomas e centros educativos. A súa intervención –de existir na realidade– será un espazo baleiro de significación pedagóxica, debedor das decisións tomadas desde o goberno central e da necesidade de render convenientemente nas reválidas.

O destinatario principal desta agresión é Cataluña e o seu modelo de inmersión lingüística, pero podería selo o noso modelo anterior ao Decreto do Plurilingüismo de 2010



O anteproxecto deixa nunha formulación arrevesada e ambigua a proposta curricular, amagando cunha aparente e pouco crible renuncia á recentralización do currículo, adiando o resultado final aos desenvolvementos da lei. A sospeita sobre as intencións do ministerio está máis que xustificada, vista a accidentada tramitación deste anteproxecto,

Valéndose da fórmula das disposicións adicionais, neste caso a trixésimo novena, o ministerio introduce unha novidade que lles afecta ás linguas vehiculares no ensino no caso das comunidades con lingua propia. O seu redactado establece a obriga das administracións de determinar a “proporción de ensino que proceda” en cada lingua cooficial. Se ben recolle a posibilidade de establecer un trato diferenciado para a lingua propia segundo o estado da normalización lingüística no territorio, alude a que debe ser nunha proporción “razoable” e debe contemplarse que nas distintas áreas se ofrezan ambos idiomas en proporcións “equilibradas” no número de horas lectivas. E comina á administración a facelo ou deixarán que elixan as familias a lingua vehicular de ensino. Para preservar esta elección establece a posibilidade de sufragar –con cargo á administración– os gastos da súa escolarización en centros de ensino privados.

O destinatario principal desta agresión é Cataluña e o seu modelo de inmersión lingüística, pero podería selo o noso modelo anterior ao Decreto do Plurilingüismo de 2010; é dicir, o que contemplaba o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado no Parlamento de maneira unánime no 2004. Un ataque sen paliativos á liña de flotación dos modelos que evitaron a segregación escolar por razón de lingua e que poden ofrecer resultados satisfactorios en canto á competencia lingüística nas dúas linguas oficiais. Xaora que, nestes supostos, os datos PISA resultan irrelevantes. Preceptos que lles pretenden dar cobertura ás presións de grupos negacionistas de presenza moi minoritaria no ámbito do

ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)				
		CURSOS	PRIMEIRO CURSO	SEGUNDO CURSO	TERCEIRO CURSO	CUARTO CURSO preparatorio para:
SEIS CURSOS (6-12 anos)						
TRONCAIS	· Ciencias da natureza.	· Bioloxía e Xeoloxía.	· Física e Química.	· Bioloxía e Xeoloxía.	· Xeografía e Historia.	· Xeografía e Historia.
	· Ciencias sociais.	· Xeografía e Historia.	· Xeografía e Historia.	· Xeografía e Historia.	· Lingua castelá e Literatura.	· Lingua castelá e Literatura.
TRONCAIS	· Lingua castelá e Literatura.	· Lingua castelá e Literatura.	· Lingua castelá e Literatura.	· Lingua castelá e Literatura.	· Primeira Lingua estranxeira.	· Primeira Lingua estranxeira.
	· Matemáticas.	· Matemáticas.	· Matemáticas.	· Matemáticas orientadas a ensinanzas académicas ou aplicadas (opc.).	· Matemáticas orientadas a ensinanzas académicas.	· Matemáticas orientadas a ensinanzas aplicadas.
TRONCAIS	· Primeira Lingua estranxeira.	· Primeira Lingua estranxeira.	· Primeira Lingua estranxeira.	· Primeira Lingua estranxeira.	· Dúas materias máis (opc.): Bioloxía e Xeoloxía / Economía / Física e Química / Latín.	· Dúas máis, a elixir entre: C. aplic. á actividade profesional / Iniciación á actividade emprendedora e empresarial / Tecnoloxía.
	· Educación Física.	· Educación Física.	· Educación Física.	· Educación Física.	· Educación Física.	· Educación Física.
ESPECIFICAS	· Relixión ou Valores culturais e sociais, “a elección dos pais ou titores”.	· Relixión ou Valores éticos.	· Relixión ou Valores Éticos	· Relixión ou Valores Éticos	· Relixión ou Valores Éticos	· Relixión ou Valores Éticos
	· Educación artística ou segunda Lingua estranxeira, “en función da oferta educativa de cada centro”.	A elixir, entre 1 e 3, entre: Cultura clásica, Plástica, Música, Tecnoloxía, 2ª Lingua estranxeira ou Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.	A elixir, entre 1 e 3, entre: Cultura clásica, Plástica, Música, Tecnoloxía, 2ª Lingua estranxeira ou Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.	A elixir, entre 1 e 3, entre: Cultura clásica, Plástica, Música, Tecnoloxía, 2ª Lingua estranxeira ou Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.	Entre 1 e 3 máis, a elixir: Artes escénicas e Danza / Cultura clásica / Educación plástica e visual / Filosofía / Música / 2ª Lingua estranxeira / Tecnoloxía da información e da comunicación (TIC) / Unha troncal non cursada.	Entre 1 e 3 máis, a elixir: Artes escénicas e Danza / Cultura científica / Cultura clásica / Educación plástica e visual / Filosofía / Música / 2ª Lingua estranxeira / Tecnoloxía da información e da comunicación (TIC) / Unha troncal non cursada.
DE ESPECIALIDADE	· Lingua cooficial e Literatura, naquelas Comunidades que a posúan.	· Lingua cooficial e Literatura.	· Lingua cooficial e Literatura.	· Lingua cooficial e Literatura.	· Lingua cooficial e Literatura.	· Lingua cooficial e Literatura.
	· “Os alumnos poderán cursar como máximo outra materia máis, en función da oferta educativa”.	· “Os alumnos poderán cursar como máximo outra materia máis, en función da oferta educativa”.	· “Os alumnos poderán cursar como máximo outra materia máis, en función da oferta educativa”.	· “Os alumnos poderán cursar como máximo outra materia máis, en función da oferta educativa”.	· Como máximo, unha materia máis.	· Como máximo, unha materia máis.

Viñeta de "L'Esquella de la Torratxa", publicada o 5/3/1937.



ensino catalán, tal e como sucedeu tamén no noso contexto coa derogación do Decreto 124/2007 da promoción do galego no ensino.

Unha disposición adicional na LOMCE e un novo deseño curricular, cun enguedellado reparto de competencias, pretenden botar por terra unha traxectoria educativa erixida por mandato dos Estatutos de Autonomía, mandando ao limbo un conxunto de normas -entre elas as de Normalización Lingüística- moitas delas acordadas entre diferentes concepcións ideolóxicas e que constituíron a folla de ruta da convivencia lingüística no ámbito social e educativo.

As airadas reaccións da sociedade catalá e dos seus representantes políticos non tardaron, xerando unha crise institucional nun momento político especialmente delicado. Pola contra, o goberno galego saudou a iniciativa, dando por entendido que o que fai o ministerio é elevar a categoría de Lei a súa aposta polo "equilibrio lingüístico", nunha fuxida cara a diante para non recoñeceren as dificultades legais coas que finalmente bateu o Decreto do Plurilingüismo.



## AS SENTENZAS SOBRE O DECRETO DO PLURILINGÜISMO.

Logo dun tempo demorado, e superada a recente cita electoral, coñecemos ata oito sentenzas sobre os recursos interpostos pola Mesa pola Normalización Lingüística, CIG-Enseño e Queremos Galego; a Real Academia Galega; o sindicatos STEG e CCOO; e finalmente os promovidos por Galicia Bilingüe e pola Asociación Cívica Mesa por la Libertad Lingüística e a Asociación Gallega por la Libertad Lingüística. En síntese: anuláanse dous dos artigos que constituíron a cerna da polémica norma e desbótanse os intentos de ampliar a outros ámbitos e etapas as decisións das familias sobre o galego nas aulas e centros. O goberno cuantifica agora o seu alcance -un 5 %- como se os preceptos das leis tivesen todos a mesma importancia simbólica e se puidesen calibrar ao peso. A sociedade galega sabe que foron dúas apostas sostidas a mantenta, malia as advertencias recibidas. Nada menos que as principais institucións do país relacionadas coa lingua e coa educación, as organizacións representativas da comunidade educativa, os órganos consultivos que deben velar pola súa coherencia legal e educativa, advertiron da falta de consistencia legal e da desfeita pedagóxica que acompañaban este proxecto normativo.

As sentenzas invalidan o artigo 5.2, que facía depender a lingua materna predominante na aula dunha pregunta ás familias ao comezo de curso. De maneira prolixa o Tribunal ofrece argumentos sustentados

na xurisprudencia sobre a presenza das linguas no ensino, dos que a administración educativa era necesariamente sabedora. Xaora, reitera de maneira categórica a inexistencia dun dereito de liberdade de elección de lingua por extensión do dereito á educación, e declara a responsabilidade da administración educativa nesa determinación, consonte co obxectivo de conseguiren igualdade de competencia nas dúas linguas cooficiais.

Tamén resulta anulado o artigo 12.3, que lle permitía ao alumnado usar a lingua da súa preferencia nas súas manifestacións orais e escritas. Afirmo o TSXG que tal pretensión é ilegal porque contradí o fomento do uso progresivo do galego no ensino contido no artigo 13.2 da LNL, ao non facilitar a *adquisición da destreza esixida ao alumno na lingua propia desta Comunidade Autónoma desde o momento en que se lle permite que non fale ou escriba na lingua galega cando é esta a propia da área, materia ou módulo. Ademais, non chega a explicarse o trato diferente en relación coas linguas estranxeiras, respecto ás que se exclúe aquela liberdade de opción por parte do alumnado.*

Queda claro, por tanto que a ignorancia non é un dereito ao que lle haxa que dar cobertura. Cando tanto se predica o esforzo como un valor intrínseco aos procesos educativos, é paradoxal que unhas sentenzas teñan que lembrarlle á propia administración educativa o cerne dos procesos de ensino-aprendizaxe que lle corresponde garantir e facilitar. Porén, a consellería e todo o goberno no seu conxunto negáronse no seu día a escoitar argumentos deste carácter, baixo a descualificación permanente da súa autoría partidaria e ideoloxicamente contaminada.

**O Tribunal reitera de maneira categórica a inexistencia dun dereito de liberdade de elección de lingua por extensión do dereito á educación e declara a responsabilidade da administración educativa nesa determinación.**

As sentenzas conteñen ademais algunhas reflexións que defenden a necesidade de que a igualdade na competencia lingüística para as dúas linguas cooficiais pode requirir estratexias compensadoras, dependendo da avaliación que os poderes públicos fagan da situación das linguas, sendo o seu deber impulsaren medidas correctoras de se detectaren situacións de desigualdade. E subliñan como *"equilibrio" non remite necesariamente á acepción matemática de "igualdade", senón que a interpretación semántica, contexto e realidade social imposto polo*

*artigo 3.1 do Código Civil conduce máis ben ás nocións de contrapeso, harmonía, ponderación e ecuanimidade, axustadas á plasticidade e dinamismo do fenómeno lingüístico.* En consecuencia, establecen que a proposta de distribución de materias que fai o Decreto é unha das posibles, aberta necesariamente a modificacións para o mellor desenvolvemento dos obxectivos educativos. O propio Tribunal lembra varias medidas contidas na norma para esta finalidade, nomeadamente a disposición adicional 5ª, que estipula que *con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos, co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias.* Igualmente, o Tribunal aprecia noutros preceptos reguladores preocupación por lograr igual nivel nas linguas cooficiais en cada etapa educativa e medidas de apoio cara a este mesmo obxectivo, como son os programas de fomento da lingua en cada centro (art. 11), a existencia de materiais educativos na lingua de impartición das materias (art. 13), a esixencia da elaboración dun proxecto lingüístico rigoroso (art. 14), que deberá ser avaliado pola administración educativa, e a presenza necesaria dos equipos de normalización lingüística (art. 15).

O TSXG considera contraria á lei a petición de que as familias poidan escoller non só a lingua de impartición das materias, senón tamén a dos libros ou a das comunicacións oficiais da Consellería de Educación, ou a extensión do dereito de exención, e deixa fóra de dúbidas calquera pretensión de avance nese sentido, como pretendeu o goberno ao aprobar a Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa. Os colectivos contrarios á normalización do noso idioma séntense traizoados polo Partido Popular, co que compartiron foto e pancarta, e do que agardaron o cumprimento dunha promesa que se sabía preconstitucional, como agora se confirma nestas sentenzas do TSXG.

Paradoxalmente a Consellería de Educación, logo de insistir en que as *oito sentenzas ratifican a validez total do decreto do plurilingüismo*, comunicou que se reserva o dereito de presentaren recurso de casación perante o Tribunal Supremo. Non só non evitou a xudicialización inicial da cuestión lingüística, senón que pode pretender alongar a batalla legal, para gañar tempo e non ter que recuar e mudar o decreto. Tempo perdido para que a comunidade educativa estea a salvo de conflitos espurios.

**EL PAÍS** PORTADA INTERNACIONAL

**SOCIEDAD**

VIDA & ARTES EDUCACIÓN SALUD CIENCIA MEDIO AMBIENTE IGUALDAD CONSUMO

ESTÁ PASANDO CNIO Huelga sanitaria Central de Goroña La reforma educativa

### Wert blinda la enseñanza en castellano

- Si no hay reparto "razonable" entre idiomas, las autonomías deberán pagar un centro privado
- Desde 1978 el catalán no había estado tan menospreciado", dice la consejera catalana
- Se recupera la asignatura alternativa a Religión y desaparece completamente Ciudadanía
- El Gobierno abre un nuevo frente autonómico
- El Supremo rechaza que se priorice el catalán con los extranjeros

**La Voz de Galicia.es** Actualizado: 09:57 h., viernes, 5 de diciembre de 2012

Portada Sociedad La Voz da Escola

TEMAS: Diálogo Paralelo Reforma educativa Copie as pensións Paga esta día funcionarios Rescate bancario Liga de Campeóns

SOCIEDADE

### Feijoo presume de que o seu modelo bilingüe esténdese a España coa reforma educativa de Wert

Cataluña planta a Wert e ameaza con levar a lei ao Constitucional

**Público.es**

Portada Opinión Internacional España Dinero Ciencias Culturas Deportes TV y gente Vivienda Se

Memoria publica Trama gurtel Femenino plural Maltrato animal

### Ofensiva de Wert contra el 'català a l'escola'

El borrador de la ley de reforma educativa relega al catalán y obligará a la Generalitat pagar un centro privado cuando no haya una oferta docente en castellano

**eldiario.es** Periodismo a pesar de todo

Inicio Política Economía Catalunya Galicia Diario Kafka Escolar.n

Claves Educación Asamblea IU Matanza Connecticut Mercado laboral Sanidad Pen

### Los mitos sobre la inmersión lingüística

- Los alumnos catalanes se sitúan por encima de la media española en conocimiento del castellano
- La demanda de educación en castellano es mínima
- La inmersión ha contado con el apoyo de la mayoría de las fuerzas políticas

**praza PÚBLICA** Hoye é o Día Mundial das persoas migrantes. Moitas delas non contan con todos os dereitos no noso país.

DEZ ANOS DO PRESTIGE DESAFIUZAMENTOS

SENTENZA DO DECRETO Noves 22, Novembro 2012 | Movements sociais | 20

### O TSXG anula o artigo do decreto do plurilingüismo que vetaba o ensino do galego en Infantil

Redacción | @prazapublica

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza estima parcialmente o recurso presentado pola CIG, a Mesa pola Normalización Lingüística e a plataforma Queremos Galego contra o Decreto de Plurilingüismo do Goberno de Núñez Feijoo. En concreto, anula o artigo 5.2., no que se estipulaba a realización dunha

**praza PÚBLICA** Hoye é o Día Mundial das persoas migrantes. Moitas delas non contan con todos os dereitos no noso país.

DEZ ANOS DO PRESTIGE DESAFIUZAMENTOS

SENTENZA DO DECRETO Noves 29, Novembro 2012 | Movements sociais | 20

### Novo pau á política lingüística de Feijóo ao estimar en parte o TSXG o recurso da RAG

**SERMOS GALIZA**

PORTADA GALIZA INTERNACIONAL CULTURA MEMORIA DEPORTES OPINIÓN

POLÍTICA SOCIAL ECONOMÍA LINGUA

VOTA ★★★★★

### A Xunta desoe a sentenza e di que seguirá adiante coas consultas ás familias

Segundo a consellaría de Educación e ordenación universitaria, a sentenza publicada polo TSXG "constata a legalidade dos principios en que se basea o Decreto 79/2010", malia que anula as consultas ás familias sobre o uso do galego no ensino.

**La Voz de Galicia.es** Actualizado: 21:36 h., xoves, 15 de decembro de 2012

Portada Galicia A Coruña A Mariña Arzusa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo

TEMAS: Bases Diálogo Paralelo Preferentes Copago Iberia Hugo Chávez Paga esta día funcionarios Rescate bancario José Luis Oltra Los Mares

GALICIA

### A Xustiza desestima o recurso contra o decreto do plurilingüismo de Galicia Bilingüe

A entidade solicitaba que o menor fose escolarizado na súa lingua materna tamén en primaria

**SERMOS GALIZA**

PORTADA GALIZA INTERNACIONAL CULTURA MEMORIA DEPORTES OPINIÓN

POLÍTICA SOCIAL ECONOMÍA LINGUA

VOTA ★★★★★

### Chaman á Xunta a recuperar o consenso nas políticas de normalización lingüística

Manifestación contra o decreto

**SERMOS GALIZA**

PORTADA GALIZA INTERNACIONAL CULTURA MEMORIA DEPORTES OPINIÓN

POLÍTICA SOCIAL ECONOMÍA LINGUA

VOTA ★★★★★

### Vinte anos de incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias en Galiza

O documento europeo que protexe as linguas rexionais ou minoritarias históricas de Europa celebra os seus vinte anos coas críticas á actuación dos gobernos español e galego polo seu incumprimento. A Mesa e AGAL exigen que os poderes públicos recoñezan os seus compromisos en materia lingüística coa UE

**praza PÚBLICA** Hoye é o Día Mundial das persoas migrantes. Moitas delas non contan con todos os dereitos no noso país.

DEZ ANOS DO PRESTIGE DESAFIUZAMENTOS

Mércores 6, Xuño 2012 | Política | 2

### A Xunta admite que iniciou o mandato cunha "situación moi desfavorable" do galego no ensino

David Lombao | @davidlombao

"Desideoloxizar", "despolitizar", retornar ao "equilibrio", "recuperar o consenso" e, sobre todo, poñerlle fin a unha suposta "imposición" do galego. Estes foron só algúns dos argumentos empregados pola Xunta para explicar a súa postura de NDG coa UE.

**GaliciaHoxe.com** Santiago espera.com

Portada Galicia

Galicia RSS

3.0/5 Comentar (0)

SEGUE A LEA POLO DECRETO DO GALEGO

### Jesús Vázquez valora acudir ao Supremo para intentar salvar o seu 'tocado' plurilingüismo

**GD galicia confidencial** Xosé Lois Carreira Vencedores, mais non convencidos Xesús Veiga Apoloxía do continuismo

Portada Opinión Política Economía Sociedade Comunicación Deportes Cultura Tecnoloxía GC Aberto GC T

### O 91% das aulas infantís urbanas exclúe o galego

A Mesa presentou esta mañá os "máis que alarmantes" datos dun estudo sobre o uso do galego infantil nas sete cidades galegas.

**La Voz de Galicia.es** Actualizado: 05:09 h., sábado, 24 de novembro de 2012

Portada Galicia A Coruña A Mariña Arzusa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo

TEMAS: Sentenza do decreto Operación Panamá Adversario do Prestige Miami Urdaibai Oriente Medio Eleccións catalás

GALICIA

### Os profesores constatan que hai que priorizar o galego para adquirir destrezas

E. Á. SANTIAGO / A VOZ

**La Voz de Galicia.es** Actualizado: 09:58 h., venres, 14 de decembro de 2012

Portada Política

TEMAS: Temporal en Galicia Preferentes Copago Iberia Hugo Chávez Paga esta día funcionarios Rescate bancario Los Mares

POLÍTICA

### Jesús Vázquez: «Oito sentenzas ratifican a validez total do decreto do plurilingüismo»

Vázquez di que «está por decidir» se se acatarán ou recorrerán os fallos

ELISA ÁLVAREZ Santiago / La Voz 14 de decembro de 2012 05:00

PROSEGUR PROVEGUR

Comezou a súa primeira etapa no Goberno co claro obxectivo de facer un novo decreto da lingua no ensino, e a segunda coas sentenzas que anulan parte do seu contido. Jesús Vázquez Abad (Náuremberg, 1967) asegura que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non fai máis que avalar unha



## O INFORME DO CONSELLO DE EUROPA SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS MINORITARIAS E REXIONAIS NO CASO GALEGO

Con motivo do terceiro ciclo de seguimento do cumprimento desta Carta, o Comité de Ministros do Consello de Europa aprobou as recomendacións ao estado en relación coas situacións dos idiomas cooficiais, contidas nun Informe do Comité de Expertos da CELRM, que se coñeceu publicamente a finais do mes de outubro.

A diferenza da valoración positiva en relación cos modelos lingüísticos de ensino para o catalán e o éuscaro, no caso galego expresan a *súa preocupación pola redución gradual do ensino en galego en todos os niveis, incluíndo a súa estrutura de apoio* e advirten aos responsables políticos para que *tomen medidas de modo que a introdución do modelo trilingüe na educación non lle afecte á educación na lingua propia*.

O Informe lémbrales ás autoridades que, malia que a lexislación vixente non implica unha educación plena en galego, si é necesario *que haxa un número suficiente de escolas que ofrezca educación completamente ou esencialmente en galego*, xa que ese é un dereito dos país que así o desexen, e insta ás autoridades a que fagan posible esa educación en galego en todos os niveis de ensino: Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional.

O Informe denuncia a falta de información, requirida en diversas e reiteradas ocasións, o que imposibilita ao Comité para coñecer o grao de cumprimento dalgúns obxectivos, sinalando a falta de informes periódicos públicos sobre os compromisos adquiridos coa sinatura da Carta.

*A diferenza da valoración positiva en relación cos modelos lingüísticos de ensino para o catalán e o éuscaro, no caso galego expresan a súa preocupación pola redución gradual do ensino en galego en todos os niveis, incluíndo a súa estrutura de apoio.*

Sobre un Informe preliminar, no que se constataban avances derivados de iniciativas como as Galescolas, das liñas de educación en galego nas cidades e da implantación do Decreto 124/2007 da promoción do galego no ensino, o Comité detectou cambios substanciais nas políticas educativas emanadas desde a administración. Na súa visita *in situ*, e consonte coa información proporcionada tanto pola administración como por entidades non gobernamentais, o Comité tivo ocasión de contrastar valoracións sobre a nova situación, constatando a regresividade na protección do idioma derivada da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Asemade, no Informe chámase a atención sobre a necesidade de adoptar medidas máis eficaces no ámbito da administración, da xustiza, da cultura ou dos medios de comunicación social.



Nova Escola Galega formou parte, xunto con representantes da RAG, da CGEDNL, de Queremos Galego, de ProLingua, d'A Mesa pola Normalización Lingüística, do Colexio de Xornalistas e expertos do ámbito da xustiza, como a profesora Alba Nogueira ou o xuíz Luís Villares, da delegación que lle presentou ao Comité a súa visión crítica co desenvolvemento dos compromisos previstos na Carta, achegando posteriormente uns apuntamentos máis extensos.

## OS DATOS SOBRE A APLICACIÓN DO DECRETO NAS AULAS

A comezos do mes de xuño, e como resposta escrita a unha pregunta en sede parlamentaria formulada por deputados do BNG, a Consellería de Educación ofrece información en relación ao curso 2010-11.

- Recoñece a Consellería que os datos sobre os que tiveron que incidir as medidas do novo decreto do Plurilingüismo partiron dunha situación moi desfavorable para a lingua propia, advertindo do uso minoritario do galego en todo o país, especialmente nas provincias atlánticas, e escaso no alumnado das sete cidades galegas.

- A resposta vai debullando unha a unha as medidas previstas no articulado do decreto para as distintas etapas do sistema educativo, e as referidas tamén ás estruturas de apoio, materiais educativos, actividades extraescolares, equipos de dinamización lingüística, indicando o escrupuloso cumprimento da legalidade vixente, mesmo nun tempo anterior ao previsto, isto é no primeiro ano da súa aplicación, tendo marxe para facelo de maneira progresiva e para algunhas medidas en catro anos.


- Para rematar, e como conclusión final, salienta como o alumnado do sistema educativo galego está recibindo o mesmo número de horas en galego ca en castelán, e están utilizando materiais e recursos que motivan e facilitan a adquisición do mesmo nivel de competencia en galego que en castelán.

A respecto desta información subministrada pola Consellería, contrasta agora o recoñecemento de desvantaxe para o galego, precisamente naqueles lugares onde primeiro desmantelaron experiencias que xustamente pretendían a superación desta minorización do idioma propio. Sen abusar do caixón sen fondo das hemerotecas, testemuñas da súa complicidade coa alarma xerada polo que daquela consideraron peso dominante do uso do galego nas aulas do país, negando unha situación de desigualdade a corrixir, non podemos menos que denunciar o dano provocado cun argumentario tan viciado como o que sustentou o mantra da imposición, sobre o que se erixiron estas medidas regresivas para o galego.

A valoración da situación que fai a Consellería no balbordo previo á aprobación do polémico Decreto do Plurilingüismo pode peneirarse coa ofrecida polo Instituto Galego de Estatística, que atopa diferenzas favorables ao uso do galego no ensino cando compara a situación de 2003 coa de 2008. Diferenzas que se inscriben nun contexto de plena legalidade, e que foran inducidas polo PXNLG aprobado polo Parlamento coa pretensión de reverter unha situación de minorización inxusta e insatisfactoria para a lingua propia, contraria ao previsto no mandato estatutario e na propia Lei de Normalización Lingüística.

*Recoñece a Consellería que os datos sobre os que tiveron que incidir as medidas do novo decreto partiron dunha situación moi desfavorable para a lingua propia, advertindo do uso minoritario do galego en todo o país, especialmente nas provincias atlánticas, e escaso no alumnado das sete cidades galegas.*

Convén reparar que na súa resposta en modo *No problem* non se ofrece ningún dato, agás os referidos ao índice de normalización acadado polo asociacionismo. E, desde logo, non é crible que non se dispoña de datos cuantitativos e cualitativos que poñan enriba da mesa situacións heteroxéneas, mesmo problemáticas, cando estamos falando do primeiro ano de aplicación dun decreto que esixe mudanzas importantes nos proxectos lingüísticos



dos centros, e se ademais se lle engade a cuestión das materias en lingua(s) estranxeira(s). Mágoa que a cultura da avaliación, que tanto se reclama a outros efectos, non obrigue no caso da normalización do noso idioma a sustentar en datos significativos os resultados da aplicación destas medidas.

Tampouco para determinar o sobrepeso do galego no ensino lles fixo falta no seu día estatística ningunha, desatendendo cantos informes demostraban con datos obxectivos a necesidade de adopción de medidas máis esixentes e transversais. Xaora que abonda con ter as orellas atentas para tirar conclusións ao respecto da situación; porén, e como se sabe, non hai peor xordo que quen non quere escoitar.

Desde o comezo da aplicación do Decreto, distintas organizacións, como a Mesa pola Normalización Lingüística ou os sindicatos CIG-Ensino e STEG, presentaron datos relacionados cos seus efectos na etapa de Infantil, considerando que o galego estaba practicamente varrido das cidades e que para o conxunto do país se estaban frustrando as expectativas de máis dun 40 % das familias ás que o resultado da consulta, agora declarada ilegal, lles coutou o dereito dos seus fillos e fillas a seren escolarizados na súa lingua materna.

Para NEG, a conxunción que se deriva destes datos e reflexións esixen unha viraxe urxente se é que a sociedade galega quere conservar –non como peza de museo ou motivo de parque temático– a lingua e

cultura de seu, procurando a súa proxección a todos os ámbitos da vida social.

Esta encomenda atínxelle ao conxunto da sociedade, sinaladamente a quen ten a responsabilidade do seu goberno. As maiorías absolutas non poden ser utilizadas como patente de curso para esnaquizar un patrimonio que o é de moitas xeracións.

Para NEG, a conxunción que se deriva destes datos e reflexións esixen unha viraxe urxente se é que a sociedade galega quere conservar –non como peza de museo ou motivo de parque temático– a lingua e cultura de seu.

Polo tanto, ao noso entender, cómpre:

- Esixirlle ao goberno da Xunta unha profunda revisión da súa política lingüística, de xeito transversal, de maneira que todos os ámbitos da sociedade contribúan a este obxectivo. Desbotando o camiño da xudicialización, o goberno ten marxe de manobra para o consenso, nomeadamente o propio PXNLG, sobre o que cumpriría erguer unha estratexia de país, concretando medidas, prazos, medios e mecanismos de revisión, e impedindo así unha fenda social por razón de lingua.

- No ámbito do ensino, o necesario cumprimento das sentenzas obrígalle a mover ficha atendéndolle ao conxunto de reflexións –non só ás derroga-

torias– que lle ofrecen á administración educativa vieiros seguros sobre os que trazar unha folla de ruta acorde coas funcións normalizadoras asociadas á educación, coa nosa legalidade e cos compromisos adquiridos no plano europeo.

- Aos profesionais cómprenos evitar o avance de prácticas que fagan da lingua unha escusa máis para a segregación escolar e social, xogando un papel proactivo para a superación dos moitos prexuízos nos que se sustenta a cuestión lingüística, e alentando novos e mellores usos para o galego no ensino que garantan a mellora das competencias lingüísticas.

- Neste labor precisamos da complicidade da cidadanía no seu conxunto, para que non sexa o ensino o único refuxio para a normalización lingüística, e tamén o chibo expiatorio se non se consegue.

Estamos convencidos de que a maioría cidadá, para alén das súas convicións ideolóxicas e de conxunturas políticas ou económicas, pode compartir un horizonte ilusionante. Un país construído desde a



fortaleza e a dignidade do que lle é propio, que non renuncia a un futuro para a súa lingua e a súa cultura, e fai da modernidade unha aliada para se proxectar no mundo. O noso país, o de todos e todas.




**PRÓXIMAS ACTIVIDADES**



☞ **IV Seminario-Obradoiro de Avaliación de Materiais. O proxecto Abalar. Cara a onde?** - Facultade de C. Educación - Campus Sur - Universidade de Santiago de Compostela - 22 e 23 de febreiro.

☞ **V Congreso Manuel Luís Acuña. Nos tempos en que Acuña era bacharel** - Casa da Cultura da Pobra de Trives (Ourense)



**ENGÁDESTE?**

ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO

**engádeste?**

NOVA ESCOLA GALEGA  
[www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

NOVA ESCOLA GALEGA vén desenvolvendo unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós. Podedes dirixiros á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla. Grazas.

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

OS XOGUETES TRADICIONAIS

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

A EDUCACIÓN FÍSICA

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

A LUZ QUE CHEGOU DE AMÉRICA

REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

CONSTRUÍNDO OS AFECTOS DESDE A ESCOLA